

O centro e a periferia.

A vivencia do emprego do galego na Coruña

XURXO SOUTO

Síntome moi honrado, e moi querido con estas palabras tan fermosas¹.

Vou insistir, xa que xurdiu, nesa anécdota de Helsinki, exemplo deste remexido de linguas, curiosidade e diversidade. Efectivamente andabamos por Finlandia. Fora amablemente convidado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega a participar nun encontro sobre linguas minorizadas. Estabamos por alí, en Helsinki, diante do Parlamento, coa pingueira colgando no fociño pola friaxe, e apareceu un rapaz que nos escoitar falar e que dicía que lle prestaba moito a lingua galega. Identificouse, el era do Canadá, pero botara un tempo en Río Grande do Sul e, polo tanto, falaba un portugués absolutamente enxebre e diáfano. Outra curiosidade. El pertencía á comunidade dos derradeiros falantes de gaélico en Nova Escocia. Quedaban catrocentas persoas que falaban esta lingua en Nova Escocia, unha lingua herdada dos seus bisavós. Andando o tempo viaxou a Europa e deus clases de Dereito –el era avogado na Vella Escocia. Alí produciuse un paradoxo ben curioso. Cando se expresaba en inglés dicíanlle que falaba dun xeito horroroso, un inglés norteamericano, absolutamente afastado do canon. Pero cando falaba en gaélico, a xente maior principiaba a chorar, porque estaban a escoitar un gaélico antigo, propio do tempo dos seus avós. Insisto era unha situación ben curiosa, e o máis fermoso foi que pola noite, alá en Helsinki, estivemos a parolar intensamente en galego sobre a pesca do bacallau.

Grazas de entrada ao Servizo de Normalización Lingüística e mais á Academia Galega por convidarme. Grazas, polas súas palabras, a Xosé Ramón. Atendendo a epígrafe desta parolada «A vivencia do emprego do galego na Coruña. O centro e a periferia», vou comentar, fundamentalmente, as miñas experiencias nun programa radiofónico, «A Tropa da Tralla», que leva dez anos en antena, como antes se comentou.

¹ O autor refírese á presentación que del fixo Xosé Ramón Freixeiro Mato, cuxos contidos non reproducimos nestas actas.

De entrada, este programa é a expresión dunha carencia, xa que probablemente sexa o único programa que se emite en galego, dende A Coruña, nunha emisora comercial, e está a indicar o lonxe que está a nosa lingua da normalidade nos medios de comunicación. Mais tamén, o seu éxito e, sobre todo, a súa pervivencia no tempo, estanos a mostrar a mentira dese tópico interesado que insiste en que A Coruña é unha cidade monolingüe en castelán. A realidade galega da Coruña existe. E cando o galego ten a oportunidade de acceder a un medio de comunicación convértese nunha lingua absolutamente normal.

Nas dúas horas radiofónicas semanais, a lingua é un argumento central, que mesmo permite á audiencia facer agromar unha cultura popular –contos, cántigas, ferretes de Antroido– que por expresarse tradicionalmente neste lingua estaba oculta para outros medios.

Esta década da «Tropa da Tralla», dun xeito evidentemente intuitivo e non científico, a partir das chamadas recibidas, mesmo fomos formulando unha teoría da Coruña: Ademais da súa propia identidade galega tradicional, co paso do tempo A Coruña converteuse nun resumo de Galiza. E pode trasladarse o mapa do país ao plano dos barrios da cidade.

Moitos dos habitantes dos Castros chegaron da parte de Lugo, de Cospeito, da Mariña. Hai unha tendencia clara a asentarse no lugar por onde a estrada que os conducía dende o seu lugar de orixe entraba na Coruña. Na parte dos Maios hai moita xente que veu de Valdeorras, e a Costa da Morte está na Agra do Orzán.

Este dato intuitivo –cumpriría que facer algún estudo sociolingüístico sobre o tema– derruba, tamén, outro tópico interesado: o rural e o urbano. Constantemente estáenos a recordar que existe unha fronteira insuperable entre a aldea a cidade. Mentira repetida que funciona como un axioma fundamental para entender a realidade. Case todos os coruñeses temos familia na aldea e á aldea acudimos o día da festa.

Mesmo a forma de vivir nos barrios da cidade segue as normas de relación da aldea. Que ocorre? Que é moi interesante que funcione ese tópico do rural e do urbano constantemente repetido nos medios de comunicación e aceptado como tal para que quede claro que a lingua da cidade é o castelán e, polo tanto, se un quere ser realmente coruñés ten que renunciar ao galego e a todo ese patrimonio cultural.

Insisto, cando ao galego se lle dá unha oportunidade nos medios de comunicación, convértese nunha lingua de relación absolutamente normal na Coruña. Ademais, diante do tópico de que A Coruña é unha cidade monolingüe en castelán, e que permite, sen entrar en fonduras agora sobre o debate do topónimo, que determinados políticos afirmen que entenden a situación peculiar da Coruña en relación ao conxunto de Galiza, unha vez máis hai que reivindicar o dato: en todas as enquisas A Coruña aparece como a cidade con maior número de galegofalantes de todo o país, en números absolutos, máis que en Vigo, máis que en Santiago, que é tanto como dicir, en fin, que é a cidade con maior número de galegofalantes de todo o país, un dato que temos que reivindicar sempre.

Ben, agora falo da miña experiencia radiofónica. Amablemente convidado pola dirección de Radio Coruña hai dez anos, Consuelo Bautista, xefa de programas e mais Ángel Hervada, o director da emisora, principiei a facer un programa musical nas mañás dos sábados. Daquela era vocalista dos Diplomáticos de Montealto e aí irrompemos nese momento de creatividade musical. Ese tamén é outro capítulo, fronte ao tópico de que na Coruña non podía existir ningún grupo que cantase en galego cun mínimo de suceso, nós, con modestia, saímos de Montealto, cruzamos a Ponte Pasaxe e encontrámonos cunha realidade vizosa de grupos que cantaban en galego. Era un programa, insisto, teoricamente dedicado á xente nova, pero de súpeto comezamos a recibir chamadas de xente doutras bandas de idade que nos fixeron literalmente facer agromar unha cidade asolagada, toda unha realidade da cidade que nunca aparecía reflectida nos medios de comunicación. Non digo que A Coruña tópica en castelán non exista, mais desde logo a realidade é moito máis fecunda, moito máis extensa.

Recordo unha cantiga, sempre a cito como unha referencia desa cidade asolagada que agromaba. Unha cantiga que dicía iso de:

Carmela, miña Carmela
manoxiño de nabizas
 ti que naciches na Agrela.

En fin, unha canción coruñesa dos anos 50 perfectamente popular e que nos estaba a falar dunha realidade totalmente descoñecida para a xente da miña xeración, en todo caso cunha metáfora ben fermosa. Diante desa Agrela de hoxe en día, chea de cemento e ferraganchos, esoutra Agrela fecunda de hai uns anos onde existían rapazas tan fermosas que eran coma un *manoxiño* de nabizas.

A partir de aí comezamos a descubrir realidades intensas. Por exemplo, no tempo de Antroido, evidentemente fixemos un programa dedicado ao tema. Entón chamou un señor que botou unha peza que dixo que era do Moucheiro de Bioño. De aí a un pouco chama unha señora totalmente exaltada dicindo: «Porque chamou aí un home e dixo que esa cantiga era do Moucheiro de Bioño, e non é do Moucheiro de Bioño, é do Querelé da Silva, que é meu home». En fin, era como descubrir unha realidade, insisto, totalmente agachada. A partir de entón, cada Carnaval vou desenvolvendo un dicionario antroideiro coruñés. Podo citar algunhas entradas. O Ricardiño é o nome que lle daban ao Antroido os veciños de Castro de Elviña. Guindábano no enterro na Ponte Pasaxe e no momento de guindalo acompañábano con este responso:

Este pobre Ricardiño
 viviu na aldea de Souto,
 deixou á muller viúva
 para que fora con outro.

Por suposto o Querelé da Silva, famoso compositor de cántigas de Antroido. Pibela, que este foi un auténtico clásico, autor dese ferrete que di:

Houbo algunha señorita
que lle dixo á criada
ou votas polas dereitas
ou quedas desempregada.

Este Pibela, chamado Marqués de Pibela e Brazos Cortos na República adaptouse aos tempos e chamouse ex-marqués de Pibela e Brazos Cortos. Estaba tamén Mazaricos, tamén famoso Antroideiro da Coruña. Estaba o Cotovío, alcume do señor José María de Palavea. O Cotovío e o Ghambete, alcume doutro veciño, conformaron durante moitos anos unha parella imprescindible, disfrazados de bebé este e de viúva con *carrito* aquel. É dicir, figuras absolutamente populares que teñen como lingua de relación o galego e que se nos negan mediaticamente porque hai un tópico predominante, mentireiro e repetido que afirma que A Coruña é unha cidade monolingüe en castelán.

En fin, podería seguir con máis referencias do Antroido. As grandes comparsas da Coruña, cada ano –estou falando dos 50 e 60– facían unha crónica social do que acontecía na cidade en verso, que vendían en pregos. Houbo comparsas famosísimas como «Os Rexumeiros de Elviña», «Os Calaveres de Castro», pola parte de Oleiros «A Trangallada de Mera». Hai unha cuxo nome me presta especialmente, pola parte de Dexo, eran «Os Canallas da Marola». Se analizamos hoxe as cántigas dos «Rexumeiros de Elviña», anos 50, aparecen poemas ben contemporáneos. Por exemplo, había unha peza solidaria cos veciños da Agrela que foron expulsados das súas terras para construír a refinaría, queixábanse do tranvía... Hai historias divertidas, como o primeiro «home-araña» que se tirou dende o edificio do Banco Central-Hispano, e que ao final resultou ser un anuncio do Licor 43. E un tema de moita actualidade, como son as escavacións que houbo no Castro de Elviña do ano 52 ao 55, tamén aparecen reflectidas nas cántigas dos «Rexumeiros de Elviña». Vouvos ler un anaco dunha do ano 52:

Din que hai unha viga de ouro
desde os frutos ao Lagar,
pero debe estar moi fonda
que naide a puido encontrar.

Foise cavar no monte
e por todos os rincóns
aparecían paredes
en forma de pavillóns.

Pois estas escavacións
foron cousas nunca vistas
e tratáronas os do Nodo
para poñelas en revistas.

Estamos agradecidos
do xefe da escavación
sacounos un presuposto
da nosa Deputación.

Dende o empezo da aldea
ata a terminación dela
era camiño de carro
e fíxonos a carretera.

Tivera unha boa repercusión. E ao ano seguinte, no ano 53, seguiron escavando, atoparon unhas escaleiras que ían cara ao centro da terra e pensaron «pero aí está a viga de ouro». Entón aparece unha cantiga que di así:

Sae un obreiro buscando
ao encargado polas leiras
para darlle a coñecer
que encontraron escaleiras.

Van buscando a viga de ouro
os homes con moito gozo,
cando chegaron ao remate
encontráronse cun pozo.

Poden ir ver *aquello*
que é unha cousa divina
non ten viga nin ten ouro
que ten auga cristalina.

O enterarse o que mandaba
díxolles con moito garbo
suspenden este traballo
ata o próximo verano.

En fin, en vez de atoparen a viga de ouro acharon o famoso alxibe que tanto chama a atención aos escavadores.

En fin, estou falando desa realidade que foi agromando, que nos foi emocionando, na «Tropa da Tralla» –digo «nos» porque tamén estaba alí presente Sofía de Labañou, compañeira nesta década de programa–.

Despois da descuberta do Antroido, da literatura do Antroido xurdiu a cuestión dos nomes, a toponimia da que se ocupará máis adiante o meu compañeiro de mesa. Poño sempre tamén a mesma referencia. Todos fomos ver os restos do «Mar Exeo» encartados contra a Torre de Hércules. Cantos de nós sabiamos daquela que esas pedras se chaman o «Gueivouteiro»? Para min foi unha verdadeira sorpresa. Unha vez tiña que facer unha entrevista a un percebeiro e fun buscalo pola parte de Corme e de Laxe. En fin, estaban ocupados, non querían falar connigo, ata que me dixo un señor da Agra de Orzán, que como era da Agra de Orzán viña da Costa da Morte, de Barizo: «Ti pareces tonto, rapaz. Andas buscando percebeiros pola parte de lonxe e tes percebeiros a carón da túa casa». Efectivamente, eu era tonto, parecía tonto. A carón da miña casa, na rúa Miguel de Servet, había un bar chamado «O Tolín» onde paraban todos os sabios do percebe, entre eles Milucho Mariñas, un home de San Amaro, que coñecía todas as pedras de percebe dende Avilés a Corrubedo, un auténtico sabio. E grazas a el souben que nese contorno abenzado, marabilloso, da Torre de Hércules existe todo un monumento lítico de nomes antigos. Alí a carón das pedras de San Amaro está o Grelle, a praia de Area de Cuncha, o Xogadoiro, o Cabalo de Pragueiras, están os Coitelos de Terra e os Coitelos de Mar, o Gueivouteiro, e unha familia lítica, a Illa do Boi, a Illa da Vaca, a Illa do Becerro e a Illa do Becerriño, a Laxe Brava... En fin, todo un patrimonio, radicalmente coruñés, e absolutamente descoñecido mediaticamente porque, insisto, hai un tópicos que non lle interesa divulgalo. Lembro que hai uns anos, coa asociación de veciños e con «Alexandre Bóveda», unha asociación cultural, fomos percorrendo ese contorno e poñendo uns carteliños cos nomes de cada lugar. Un patrimonio toponímico que continúa por toda a liña da costa, coa Furna das Meigas, co contorno do Monte de San Pedro, tan maltratado hoxe en día, coas Illas da Zambela, coa Furna Cheirenta, co Porto do Gholfe... En fin, unha riqueza lingüística impresionante que temos que reivindicar sempre.

Tamén, ao longo do programa e das comunicacións dos nosos ouvintes, descubrimos que, como dicían nas cartas, nos títulos antigos, A Coruña limita con Inglaterra a mar por medio. Comezamos a escoitar historias do Gran Sol, do mar de Irlanda. Como sabedes dende os anos 20 zarparon dende aquí, dende estes peiraos, os primeiros bous de vapor cara a Irlanda e por iso, a partir do ano 49 aparecen moitos nomes mariños que teñen nome en galego, moitos bancos pesqueiros. Isto comentoumo o meu principal informante, un home que lle chaman Serafín Mourelle, da Gaiteira. Serafín, cando o coñecín, díxome: «O mar non é poesía, é traballo e esforzo». E de seguido comentou: «Eu nacín en Corme, crieime na Coruña, casei en Noia, vivín no Gran Sol. De onde son? Son do mar máis que de sitio ningún». E logo dicía que o mar non era poesía. Era un poema marabilloso. Pois el foi o que me comentou que se zarpamos da Coruña, cando chegamos ao paralelo 49, alí están os Codillos, a Canaleta. Tiras cara ao norte e xa está o Mar das Galiñas, o Mar do Candil, A Cona da Vella, o Mar da Pistola. Toda unha xeografía onomástica marabillosa

da que ninguén nos fala nunca. E –isto xa é unha anécdota– Serafín foi o primeiro que pescou en Porcupine (en inglés, o porcoespiño), unha montaña submarina ao oeste de Irlanda, e dicía que foi un traballo difícil porque hai que atopar os fondos de praia, como din os mariñeiros, que non teñan pedras para largar o aparello, porque se non racha. Comentaba: «Eu gastei aparellos a oito pero ao final atopei os carreiros no mar. Para min cruzar Porcupine foi como aqueles pioneiros que cruzaron os Andes». Un auténtico canto épico.

E falando de cantos épicos, tamén hai toda unha literatura popular descoñecida que ten un pé aquí e outro pé en Terranova, en Saint Pierre et Miquelon. Como sabedes aquí había grandes factorías de bacallau e os barcos da Coruña e de Ferrol acudían ata aquelas latitudes. Alí en Saint Pierre et Miquelon paraban nunha serie de bares, no bar de Alicia etc. Houbo un mariñeiro, Periquete de Sada, que foi o patrón máis novo que mandou un barco de bacallau alí en Terranova, e había moita incerteza, moita tensión entre a tripulación, que tal iría a marea cun patronciño tan novo. Pero Periquete empeixou aí, pescou todo o que quixo, selou as bodegas, e tan contentos estaban os galegos co patronciño novo, que cando chegaron a Saint Pierre et Miquelon botaron tres días de festa. Tanta festa montaron que a señora do bar empezou a berrar polo teléfono «España en guerra, España en guerra!», porque o conto derivara nunha gran loita. Viñeron os xendarmes. E cando os xendarmes viron todo o que estaba acontecendo decidiron acuartelarse. Desta aventura épica quedou unha canción popular coruñesa que di así:

Periquete Periquete
tes cabeza de león
quixeches tomar Saint Pierre
estilo Napoleón.

Que cousa máis bonita, unha mestura entre un canto homérico e un corrido mexicano, un patrimonio absolutamente popular, coruñés, expresado en galego que, desgrazadamente, non consegue acceder aos medios de comunicación. A peza téñoa enteira, apuntada.

Mais sigamos falando destas realidades coruñesas absolutamente descoñecidas que se nos negan e que nós tivemos a sorte de albiscar grazas ao programa «A Tropa da Tralla». Falamos dos nomes da liña da costa, falamos dos nomes de Irlanda e falaremos dos nomes dos mares. A maior parte de nós subimos á Torre de Hércules e vemos unha extensión de océano marabillosa, fermosísima. Un mariñeiro de baixura está a ver leiras no mar literalmente. Precisamente co traballo da plataforma «Nunca Máis» tiven a sorte de coñecer a Luís Dopico, que é un patrón de baixura que procede dos Pachís, dunha antiga familia de mariñeiros de San Roque. Case podemos chegar con eles ao tempo dos lulos, os vellos mariñeiros de Santa Lucía, un barrio da Coruña, que incluso tiñan unha cántiga propia que dicía iso de:

Señor consumeiro
 déixenos pasar
 que somos os lulos
 queremos pescar.

Luís Dopico reveloume unha xeografía absolutamente descoñecida. Nós subimos á Torre e vemos só unha grande extensión de auga. Eles están a ver Os Carpanchos, Os Abarracidos, As Tousas de Leste, As Tousas de Vendaval, As Lobas pola parte de Caión, Os Cabalos. Un patrimonio fermosísimo que temos tamén dereito a coñecer e, á parte, con moito interese –como sei que aquí hai moitos lingüistas– para os lingüistas por varios motivos. Como sabedes, voáronse, non sen falta de tempo, as famosas agullas do Urquiola, as agullas do Urquiola que eran descoñecidas nas cartas mariñas pero que eran tan coñecidas pola xente do mar, que mesmo tiñan nome. Ás agullas do Urquiola os homes do mar, aquí na Coruña chámanlles as Papapoutadas, un nome ben lóxico porque alí quedaban prendadas as poutadas, esas áncoras primitivas. Ben, están situadas nuns baixos que sempre aparecen nas cartas e na prensa como *Bajos de las Yacentes*, constantemente repetido por todo o mundo excepto polos propios mariñeiros que lles chaman As Acentes. Consultei varios dicionarios, non encontrei a palabra ‘acente’ pero unha vez estaba escoitando unha reportaxe do percebeiro de Aghiño e o percebeiro dicía: «Porque hai que meterse cando vén a acente da onda». Pregunteille a Luís Dopico e díxome: «Claro, acente é cando rompe, cando racha a onda», un nome absolutamente lóxico para chamarlle a un baixío. E logo hai outro nome para min fascinante que son As Tousas, As Tousas de Leste e As Touzas de Vendaval. E ‘touza’ ou ‘tousa’, en terra, é un bosque moi mesto. As «tousas» no mar son baixos ou fondos con moita pedra que son difíciles de descubrir mesmo por parte dos radares. E, isto queda aquí para os lingüistas, para que estudedes, por que lle chaman as Tousas e non as Touzas se teoricamente creo que ese seseo xa desapareceu no galego propio da Coruña? Ao mellor é unha palabra fósil que indica a extensión antiga do seseo.

En fin, seguimos co tema dos topónimos, con esa descuberta de partes da cidade que se nos negan e que non hai dereito. Hai moita polémica co topónimo da cidade. Aquí aproveito para que o Concello cree unha oficina de topónimos porque o problema dos nomes dos lugares é un problema real e o que están a facer non hai dereito. Porque é ben triste que un coruñés de hoxe non saiba onde queda Coiramia, para min foi unha descuberta, pola parte dos Maios. Non se trata de cambiar a nomenclatura das rúas, ese é outro debate, tamén de actualidade, o tema da nomenclatura franquista e fascista. Un topónimo moito máis coñecido: o de Garás. Sabedes como é o conto: aquel que se coaba sempre no tranvía, e unha vez o revisor, que xa o tiña fichado, foi onda el e díxolle: «Hoxe pagarás». «Non, hoxe *pa* Monelos». Outro topónimo que se está a reivindicar moito agora que é a Ponte da Pedra. A Ponte da Pedra existe, pero é que a Ponte da Pedra non está na Ponte da Pedra, alí é o Carracedo. O polígono de Elviña non está no polígono de Elviña, iso non é Elviña, iso sempre foi Monelos e foi San Cristovo das Viñas, alí está a Camposa ou as Cernadas. Ou por exemplo, ao que lle chaman Campus de Elviña, a Universidade, está en

Elviña pero ese lugar ten nome, chamábanse as Mariñas Douradas, un nome ben fermoso que deberíamos reivindicar. Chamábanlle as Mariñas Douradas porque eran unhas leiras moi vizosas, unha zona de brañas que daban dúas colleitas ao ano. En fin, quedaría ben ser Licenciado polas Mariñas Douradas, sería unha cousa ben linda.

Quería ocuparme desa Coruña que se nos nega en cuestións de onomástica e tamén dos antropónimos. Este ano tiveron a sorte de ir ás festas de San Pedro de Visma e, ademais, por suposto, de aprender os nomes dun lote de lugares descoñecidos, como poden ser Abella, A Barca, Catro Ventos, Loureiro, Ruibal, A Gramela, Cal de Moreiras, As Bouzas, Truleiro, Filgueira, San Roque, Monte das Fabas, Fontán etc... Dixéronme os nomes das familias de San Pedro de Visma propias: son os do Barral, os de Palleiro, os de Pombo, os Pígaro, os Lindos, os de Xuncal, os de Santana, os do Casquillo, os da Perrachica, os *Pajaritos*, os Palláns, os Paroleiros, os Pataqueiros, os da Bandoxa... Estamos a falar da Coruña, estamos a falar dos elementos máis tradicionais desta cidade dos que ninguén nos informa: os *Panteros*, os Mocosos, –este é un pouco delicado– os de Andrea, os do Cego, os de Pitico, os dos Balaos, os de Churín, os de Pasco, os de Laña, os Gorechos, os Teresos, os da Sopalla, os do Conexo, os do Calvete, en fin. É urxente que se cree esa oficina do Concello que se ocupe dos topónimos, porque a difícil arte de nomear –unha frase do libro de Carlos Paulo Martínez Pereiro– xa que para os xudeus esa arte procedía directamente de Deus, e xa que non temos fiudeza coa divindade, aceptemos que sexa o Concello quen dea os nomes. E, por favor, o que non é de recibo é que decidan os nomes das cidades que habitamos os promotores, os construtores, os empresarios. Temos un caso referencial. Estanse a construír alí arriba unhas vivendas que se chaman *Viviendas del Valle de Mesoiro*, e nin están en Mesoiro nin están nun val. Están en Feáns, están no alto dun monte que lle chaman o Alto do Monte do Muíño, porque había un muíño de vento, o que indica que é un lugar ben venteado e ben complicado. E ben triste que a decisión dun comerciante ou dun promotor ou dun empresario poida cambiar e poida roubar o que significa a tradición toponímica do lugar. Hai outro exemplo referencial que se chama *Los Rosales*. *Los Rosales*, construídos no lugar de Fontán. Hai uns anos un empresario comprou esas leiras e puxo un cartel que dicía: «*Viviendas de Los Rosales. Próxima construcción*». As vivendas non se construíron, o cartel botou alí dez ou quince anos e á hora de edificar realmente o lugar, como non había outra referencia, como non existe un centro de documentación toponímica, quedou polígono dos *Rosales* e acabou. Unha realidade ben triste que depende de nós ir cambiando.

Outro *corpus* coruñés descoñecido que temos tamén que reivindicar é o cantigueiro cascarilleiro, o cantigueiro coruñés. Xa falei das pezas do Antroido, e desa fonte vizosa proceden un lote de cántigas populares na Coruña das que desgrazadamente apenas temos noticia. Xa comentei a de Periquete:

Periquete Periquete
tes cabeza de león
quixeches tomar Saint Pierre
ao estilo de Napoleón.

Ou a de:

Carmela, miña Carmela
manoxiño de nabizas
ti que naciches na Agrela.

E, por exemplo, esa peza que reivindicamos tamén cos Diplomáticos: cando nos anos 50 marchaban cara a América os barcos da Mariña, moitos na despedida dicían isto de:

Aí vos quedades, aí vos quedades,
entre curas, *frailes* e militares,

Unha señora do lugar de Nelle aínda lembraba esta peza que facía referencia a un tal Fandiño, que era o concelleiro encargado dos bombeiros. Houbo un incendio e non apareceu. Entón cantáronlle iso de:

Fandiño Fandiño,
onde tes o bombín?
Na casa de Mercedes,
pra regar o xardín.

E outro momento que quedou así gravado para sempre na memoria colectiva dos coruñeses foi a inauguración da estatua de dona Emilia Pardo Bazán nos xardíns do Recheo. Pois ben, cando se procedeu a erguer o pano que cubría a estatua, houbo moita conmoción, porque no colo da propia dona Emilia había un penico de mexar cheo de excrementos. O alcalde, Manuel Casás, que non comungaba coas ideas de dona Emilia Pardo Bazán, non lle quixo dar o ganchete nese acto oficial. A condesa quedou definitivamente golpeada. Entón naceu esta peza:

Ai Manuel Manuel,
ti fixeches ben
e o que queira ganchete
que se enganche no tren.

En fin, un *corpus* inmenso de realidades que se nos están negando simplemente porque o galego esta afastado, está marxinado dos medios de comunicación. Cando ten oportunidade de acceder aos medios convértese nunha lingua absolutamente normal, referencial na cidade da Coruña.

E ademais de todas estas referencias tan absolutamente vivas, tamén quería contar algunha anécdota musical.

O fotógrafo Ferrer da Rúa Real soubo que pola parte de París existía unha máquina que impresionaba sons e, como el tiña un negocio intenso coa emigración á que lle vendía fotografías con tipos galegos, pensou que faría un bo negocio con discos cantados nesta lingua. Contactou con «Aires da Terra» de Pontevedra e gravaron uns discos que son o primeiro documento, a primeira impresión sonora da historia da nosa discografía. Discos que, por certo, soaban como grande novidade no Pavillón Lino, nos Cantóns da Coruña. Alí, ademais de vedetes chegadas de Madrid, presentábanse espectáculos absolutamente fascinantes, enfeitizantes para a época. Por exemplo cóntase que unha vez Lino presentou un espectáculo novidoso: mariscos ameistrados. A xente estaba totalmente conmocionada cos mariscos ameistrados, que tal sería?: era un espectáculo de lobos mariños, de focas. Alí soaron estes primeiros discos da historia da música galega. Como sabedes, a primeira gravación foi a peza:

Unha noite no muíño
unha noite non é nada...

Cen anos despois, cando se fala da Coruña e da súa vitalidade, pois resulta que no eido musical realmente as tres formacións da cidade que transcenden as fronteiras do país e do estado, que teñen certa repercusión no exterior e están andando por Europa, cantan en galego. Estou a falar de Mercedes Peón, que, como sabedes, deu dous concertos na BBC de Londres antes de poder presentar aquí o disco na Coruña. Unha das súas pezas, «Xera», entrou nas radiofórmulas francesas. Un rapaz de Toulouse, ou de Marsella, ou de París podía escoitar o galego da Costa da Morte, porque é unha peza baseada na nosa terra, e porén, un rapaz de Valladolid non. E, desgrazadamente, nos medios de comunicación en xeral, un rapaz da Coruña tampouco tiña dereito a escoitalo. O caso de Susana Seivane que toca aproximadamente o mesmo número de veces na Bretaña que na Galiza, que tocou tamén en París hai pouco diante de 50.000 persoas, ou o caso de «Luar na Lubre». Diante dese tópico de que o galego é un idioma estraño na Coruña, a parte máis creativa da cidade, a que ten máis transcendencia resulta que canta en galego.

Outra realidade que temos que reivindicar sempre, e na que moitos dos que estades aquí participades na organización, é o Correlingua, a carreira en defensa da lingua galega que percorre todo o país. O lugar onde ten máis participación, onde ten máis éxito, máis suceso, é na Coruña. E xa é unha icona que é esa imaxe da Torre de Hércules, coa costa da Torre de Hércules chea de escolares reivindicando vida para o galego. Evidentemente non estou facendo ningún tipo de triunfalismo, sabemos as dificultades que ten o galego nas

novas xeracións. Pero o que estou a dicir é que, se ao galego se lle dá unha oportunidade nos medios de comunicación, na Coruña xermola, na Coruña comunica e A Coruña asume a súa identidade plenamente galega. Comecei cunha metáfora para falar desa cidade asolagada, esa parte da nosa identidade que se nos nega:

Carmela, miña Carmela
manoxiño de nabizas
 ti que naciches na Agrela.

Quería rematar con outra metáfora. Como vos comentei, nesa visita ao bar Tolín na procura dos percebeiros, atopei o señor Milucho Mariñas, grande sabio, que coñecía todas as pedras de percebe dende Avilés a Corrubedo. E tamén atopei dous rapaces novos que non querían falar ao comezo e despois se cadra faláron de máis. Comentaban que estaban a recoller percebes xusto en Punta Herminia ou, para ser máis exactos, na Rabaleira, como din eles, diante do Gueivouteiro, dos Coitelos de Terra e dos Coitelos de Mar, xusto a carón da Torre de Hércules. Estaban a coller nunha situación alegal, por non dicir profundamente ilegal. Estaban collendo percebes en veda e de súpeto pasou por enriba deles un helicóptero. Colleron medo, dixeron: «Mi madriña, é o helicóptero da Comandancia, xa nos viron, vainos caer un paquete moi grande». Pero o carto é o carto, así que seguiron alí, bourando no percebe nesa zona tan bonita, e de alí a un pouco volve pasar o helicóptero. «Nada neno veñen por nós, temos que zafar, hai que escapar», pero seguiron traballando. Volve pasar o helicóptero, xa peiteándolles as guedellas xusto por riba deles. Tiraron con todo, seguiron cara a arriba, e cando chegaron viron a realidade: era o helicóptero da volta ciclista a España que pasaba pola Coruña. E imaxinade «que imaxe tan pintoresca» –o realizador, probablemente madrileño– *«los perceberos en la Torre»*. Chegaron ao bar Tolín, entraron pola porta, e dixéronlles os compañeiros: «Que ghuapos saístes na televisión». Con isto quero dicir que hai unha realidade fecunda que temos dereito a coñecer, unha Coruña vizosa e que entre todos temos que conquistar esa presenza mediática que, por outra banda, é absolutamente próxima á maior parte da poboación.

Para rematar, xa que estou nunha casa tan docta, quería reivindicar «o poema da Cruña», o poema da Coruña, que tamén me serve para facer unha lembranza de grandes amigos. Cando Luísa Villalta publicou o seu libro *En concreto*, a poeta acababa de encontrar o seu espazo literario. Luísa atopa despois dunha viaxe moi intensa o seu contorno, o cosmos que a definía. Cando dicía iso de: «O meu nome é o da cidade alta, nacido onde a luz e o mar se están orixinando mutuamente, nacín enfrente de min mesma, onde a Pescadería é un leito de sereas». Comenteille a Manuel María, ao poeta, que por fin había un cántico coruñés, por fin había un auténtico poema dedicado á Coruña, un libro enteiro dedicado á cidade. Díxome o poeta: «Non, o Padre Rubinos publicou nos anos 20 o poema da Cruña. E efectivamente uns días despois facilitábame unha fotocopia do libro que se conservaba aquí nesta Academia. O Padre Rubinos, ademais de ser o nome dunha residencia, tivo existencia real e fixo un poema ou un libro de poemas, absolutamente naïf

e evocador. Hai poemas dedicados ao Orzán, á melodía do pesqueiro coruñés, «Na tomba de Sir John Moore», «Sentimento na soma duns carballos de Monelos» etc. É un libro en que aparece xa a metáfora constante da cidade-barco. Andou o tempo, chamoume Miguel Anxo Fernán-Vello, estaba falando con el e díxenlle: «Está o poema *En Concreto*, o libro *En concreto* de Luísa Villalta que por fin dota a cidade dun grande cántico, coma o poema da Cruña do Padre Rubinos». E díxome el: «Non, estás equivocado. Ademais do poema da Cruña e ademais de *En concreto*, Xosé Devesa publicou un libro fermosísimo *A nao enfeitizada* dedicada a esa cidade». Outra vez a idea da cidade-barco. Á parte, un libro cargado de curiosidades ben fermosas. O poema da Cruña leva unha portada de Camilo Díaz e *A nao enfeitizada* leva dez deseños do neto de Camilo Díaz, de Xosé Díaz. Poemas fermosísimos enguedellados a esta cidade, e por tanto acabo esta miña intervención cuns versos de *A nao enfeitizada*: «A cidade vella é o espírito, o recanto no que Marineda cavila na súa beleza. Pola bahía ela olla a Galiza, polo Orzán a Cruña olla o infinito». Moitas grazas.